

**ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE DATA 21 DE SETEMBRO DE 2023 EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO POR CONCURSO-OPOSICIÓN DA PRAZA DE MONITOR DEPORTIVO DO PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA).**

**EXPEDIENTE: 2064/2022.**

En data 21 de setembro de 2023 e sendo as 13:30 horas, reúnese de maneira presencial o Tribunal Cualificador do Proceso Excepcional de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Lalín, convocado para a cobertura de 3 prazas de Monitor Deportivo (2 a xornada completa e 1 a xornada parcial do 50%) para o ingreso por Concurso-Oposición.

Baixo a presidencia de Don Manuel Carramal Silva; e coa asistencia do vogal: D. Antonio Santos Guerra; actuando como Secretario D. Román Pérez García, quen dá fe do acto.

Enténdese constituído o tribunal posto que existe quorum.

**1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.**

Na sesión celebrada en Xunta de Goberno Local na data 20/12/2022 aprobáronse as Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello.

Con data 15/0/2023 emitíuse a Acta de Constitución do Tribunal, na que por parte do Presidente e, trala comunicación co resto das persoas integrantes do tribunal cualificador dos presentes procesos selectivos, enténdese necesario ter unha reunión previa co gallo de acordar a data e lugar para a realización do exame tipo test e así, poder organizar a elaboración da fase de oposición de Monitor Deportivo.



## 2.- DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO.

Unha vez realizado o chamamento das persoas aspirantes, o Presidente explícalle que tal e como constan as bases do presente proceso selectivo, o exame consiste na realización dun cuestionario de 60 preguntas máis 6 de reserva para posibles impugnacións ou anulacións que se poidan producir. Cada pregunta contén catro posibles respostas das cales só unha é a correcta.

Para a súa cualificación terase en conta o número total de respostas acertadas. Cada resposta correcta sumará 1 punto e por resposta incorrecta restarase 0,25 puntos. A puntuación total destas será minorada nun acerto por cada 4 erros, de forma que superarán o exercicio os aspirantes que contesten correctamente ao 50% das preguntas, unha vez aplicada a minoración procedente, obtendo a cualificación de "NON APTO" os que non alcancen a devandita porcentaxe. As preguntas non contestadas (ou en branco) non afectarán o cómputo de erros.

O tempo para a realización do exercicio é de 90 minutos.

Durante a celebración e corrección do mesmo garántese o anonimato das persoas participantes no proceso selectivo coa utilización dun código aleatorio.

Unha vez comezado o exame o Presidente do Tribunal sinala que no cuestionario existen dúas preguntas repetidas, a 3 que coincide coa 42 e a 20 que o fai coa 21. Polo tanto, procédese á anulación das preguntas 42 e 21, tomando en consideración para a corrección as número 1 e 2 de reserva. Isto ponse en coñecemento das persoas participantes.

Por outra parte, sinálase que durante a celebración do exercicio non está permitida a utilización do móbil e outros dispositivos de carácter electrónico que poidan permitir o contacto co exterior ou acceso a internet.

O Presidente do Tribunal tivo que advertir a unha das persoas aspirantes desta circunstancia, concretamente ao aspirante que se identificou posteriormente co nome de David Taboada Varela, que alegou que estaba mirando a hora e noutro momento, unha vez rematado o exercicio e decidiu permanecer no lugar de celebración do exame.

Tralo remate do tempo e a entrega dos exercicios por parte das persoas participantes no proceso selectivo, David Taboada Varela diríxese aos membros do tribunal preguntando diversas cuestións como quen fixo o exame e tamén ao respecto da capacidade e cualificación das persoas que integran o tribunal. Todas elas son respostadas in situ a pesar de que calquera cuestión relativa ao proceso selectivo debe ser plantexada por escrito.



### 3.- REALIZACIÓN DA PROBA

Ás 11.15 h comenza a realización da primeira proba tipo test do proceso selectivo, tendo unha duración de 90 minutos e rematando, polo tanto, ás 12.45 h.

Dos 10 aspirantes admitidos, só se presentaron 5.

### 4.- CORRECCIÓN DA PROBA

Con posterioridade á finalización da primeira proba tipo test, os membros do tribunal proceden á corrección da mesma.

As puntuacións provisionais acadadas polos aspirantes, por orden decrecente, son as seguintes:

Número de código	Puntuación
PfiRze	36,50
VtwqK4	33,50
f5EU9r	33,25
3NDJ7y	20,00
m9jL2w	15,00

En relación con dita proba, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas no prazo de **cinco días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte á publicación desta Acta na páxina web e na sede electrónica deste Concello de Lalín.

### 5- ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Con data 27/09/2023 presentáronse sendos escritos de alegacións en relación con esta proba tipo test, por parte de D. David Taboada Varela e de D. Jesús Rodríguez Domínguez. Ditas alegacións foron rexeitadas por parte deste Tribunal de conformidade coas argumentacións indicadas nos correspondentes informes que se notificarán aos interesados.

### 6.- FINALIZACIÓN DA SESIÓN:

Ás 15:00 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu, como secretario dou fe.

